

O XOGO

Elementos que xogan :

Como elementos do xogo que xogan, temos as bolas e os brílos.

As bolas: completamente esféricas , son de madeira de buxo (ainda que na actualidade debido a sua escaseza utilizanse outras, como Quebracho, Samanduba, Olivo e incluso de fibra ou poliéster), o seu diámetro oscila entre os 13 e 14,5 cm e o seu peso entre os 1,5 e 2Kg.

A confección da bola. A tradicion apunta a que a madeira debe ser cortada nas lúas minguantes de Decembro ou Xaneiro , aíinda que outros din que a mellor é a lúa crecente de febreiro, para que a bola non se abra nin se rompa. A experiencia nembargantes confirma que non ten nada que ver a época de corte da madeira coa sua duración. O que si non é recomendable , empezar a xogar coa bola recen feita. Antes e despois de estreala debese poñer a conservar en " salmoira".

Os brílos: tamén de buxo, tenen de 15 a 16 cm. de alto e pesan entre 150 e 200 g. A sua fabricación é menos complexa que á das bolas.

Elementos que non xogan:

Son elementos pasivos necesarios para o xogo pero que non teñen ningún movemento, e están relacionados co espacio do xogo.

O tiro: está composto de duas partes; a zona de apoio ou tiro propriamente dito e a zona de caida ou poza.

A zona de tiro ven a ser de pedra lìxeiramente rugosa pra que non esvaren os xogadores cando lanzan, sobre todo cando chove. Esta zona de tiro está a nivel coa pedra onde se plantan os brílos. Anexa está a poza

onde o xogador apoia o pé ó lanzar a bola. Esta poza ten un desnivel aproximado co tiro entre uns 40 ou 60 cm e ven ter uns dous metros en dirección a pedra ou lousa de colocación dos birlos.

A pedra ou lousa : *de pedra pulida de 1,20 m. x 0,70 m. con pendente dun 15% aproximadamente con respecto a pedra de tiro, e outra pendente mais variable en dirección a raia de birle.*

A raia de birle: *tamén conocida como raia de 10, debido a que 10 tantos suma cada birlo que a sobrepase. Està sifuada a unha distancia de 21 m. dende o centro da pedra ou Iosa de colocación de birlos. Dende esta distancia, nun dos extremos execútase o birlo.*

Elementos complementarios:

Son elementos que forman parte da infraestructura do xogo, importantes na sua preparacion e desenvolvimento. É imprescindible un recipiente cheo de auga para poder lavar a bola. Tamén se pode dispor dunha rede colocada en semicírculo para telo na raia de birlo e a uns dous metros da mesma a unha altura entre tres e seis metros servindo para recuperar rapidamente os bolos e os birlos.

Secuencia do xogo

A modalidade dos birlos Val Miñor consiste en dous lanzamentos; o primeiro más que derribar os 18 birlos en lina situados na lousa (situada a uns 5,5 m. mínimo é 6,2 m. máximo da zona de tiro) consiste en desprazar o maior número deles, mediante o impulso que se lle da a bola, lanzada, intentando sobrepassar a liña semicircular de birle ou raia de 10. Neste lanzamento, o xogador trata de que a bola impacte na pedra á altura do birlo no que está fixandose como referencia

O Tiro. Tanteo .- para sumar tantos no primeiro tiro, a bola debe sobrepasar a raia de 10 ou de birlo. De non facelo non se sumarà ningùn tanto. O birlo que rebase a liña de 10 ou de birlo, sumarà 10 tantos e os birlos derribados que non a rebasen sumaràn un tanto cada un.

O Birlo.- Un segando lanzamento, unha vez validado o primeiro, conecese como "birlar", e no que o lanzamento se fai facendo rodar o bola, dende a denominada zona de birle, que será o extremo do arco da liña de 21 m., tratando de derribar o maior número de birlos o que completará o tanteo da xogada.